

## CRITERIOS DE CORRECCIÓN E CUALIFICACIÓN

PREGUNTAS		CRITERIOS DE CORRECCIÓN	CUALIFICACIÓN MÁXIMA
<b>PREGUNTA 1</b> (2,5 puntos)	<b>1.1</b> (1 punto)	Resumir o contido do texto, establecendo as partes que compoñen a súa estrutura e identificando as ideas principais que presenta.	<b>0,75</b>
		Evitar na redacción a paráfrase do texto e o abuso da reiteración textual das secuencias do mesmo.	<b>0,25</b>
	<b>1.2</b> (1 punto)	Identificar e explicar a tipoloxía textual á que pertence o escrito.	<b>0,5</b>
		Argumentar a adscrición á tipoloxía textual servíndose de, como mínimo, tres exemplos extraídos do texto.	<b>0,5</b>
	<b>(0,5 puntos)</b>	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico adecuado e preciso.	<b>0,5</b>
<b>PREGUNTA 2</b> (2,5 puntos; lémbrese que deben escollerse unicamente dúas opcións para responder das catro posibles)	<b>2.1</b> (1 punto)	Determinar a natureza semiaberta ou semipechada das vogais tónicas das palabras indicadas.	<b>1</b>
	<b>2.2</b> (1 punto)	Determinar a categoría gramatical á que pertencen as palabras sinaladas.	<b>0,5</b>
		Engadir segundos exemplos de palabras da mesma categoría gramatical para cada caso.	<b>0,5</b>

	<b>2.3</b> (1 punto)	Sinalar un exemplo, tirado do texto, de oracións dos tipos indicados.	<b>0,5</b>
		Engadir segundos exemplos, tirados do texto ou de colleita propia, dos tipos de oracións indicados con nexos oracionais diferentes.	<b>0,5</b>
	<b>2.4</b> (1 punto)	Identificar os prefixos/sufixos das palabras sinaladas e engadir segundos exemplos para cada caso cos mesmos prefixos/sufixos.	<b>0,5</b>
		Describir o valor dos prefixos e sufixos das palabras indicadas e dos exemplos engadidos.	<b>0,5</b>
	<b>(0,5 puntos)</b>	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico adecuado e preciso.	<b>0,5</b>
<b>PREGUNTA 3</b> <b>(2,5 puntos;</b> <b>lémbrese que debe</b> <b>escollerse</b> <b>unicamente unha</b> <b>opción para</b> <b>responder das dúas</b> <b>posibles)</b>	<b>3.1</b> (2 puntos)	Redactar a introdución a un texto de opinión sobre os prexuízos lingüísticos sinalando, con precisión, a súa posición de partida.	<b>0,25</b>
		Redactar o corpo de argumentación dun texto de opinión sobre os prexuízos lingüísticos facendo especial fincapé nos que teñen que ver coa pronuncia e a fonética. Sinalar dous argumentos como mínimo e xustificalos.	<b>1</b>
		Redactar unha conclusión a un texto de opinión sobre os prexuízos lingüísticos. Recoller na conclusión a síntese dos argumentos sostidos e a súa xustificación.	<b>0,25</b>
		Empregar na redacción do texto de opinión sobre os prexuízos lingüísticos terminoloxía sociolingüística especializada e axeitada aos argumentos sostidos.	<b>0,50</b>

	<b>3.2</b> (2 puntos)	Determinar a variedade dialectal do relato, xustificándoa a partir de, como mínimo, catro trazos tirados do texto.	<b>0,75</b>
		Redactar un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega.	<b>0,75</b>
		Empregar na redacción do texto expositivo-argumentativo terminoloxía dialectolóxica especializada e axeitada aos argumentos sostidos.	<b>0,5</b>
	<b>(0,5 puntos)</b>	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico adecuado e preciso.	<b>0,5</b>
<b>PREGUNTA 4</b> <b>(2,5 puntos; lémbrese que debe escollerse unicamente unha opción para responder das dúas posibles)</b>	<b>4.1</b> (2 puntos)	Relacionar o texto, brevemente, coa época literaria galega na que foi publicado e co resto da produción do autor.	<b>0,5</b>
		Determinar o tema central do texto, xustificándoo a partir de exemplos tirados del.	<b>0,75</b>
		Sinalar os principais recursos estilísticos empregados na caracterización do personaxe protagonista: sátira, animalización, hiperbolización.	<b>0,75</b>
	<b>4.2</b> (2 puntos)	Relacionar o texto, brevemente, coa poesía galega dos oitenta-noventa e co resto da produción da autora.	<b>0,5</b>
		Determinar o tema central do poema xustificándoo a partir de exemplos tirados del.	<b>0,75</b>
		Sinalar a presenza de elementos da mitoloxía clásica grecolatina no poema e explicar o seu aproveitamento no texto: oráculo, Penélope, tópico literario da 'navigatio vitae'.	<b>0,75</b>
	<b>(0,5 puntos)</b>	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico adecuado e preciso.	<b>0,5</b>

Consonte o disposto no apartado décimo do artigo 13 sobre cualificación da proba de acceso do citado Real Decreto 534/2024, no que se refire á corrección relativa á coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados, así como segundo a súa presentación, a puntuación que se outorgará para estes efectos nas materias de linguas cooficiais (Lingua Galega e Literatura II, Lengua Castellana y Literatura II, Llengua Catalana i Literatura II, Euskal Hizkuntza eta Literatura II, Euskara eta Literatura II, Valencià: Llengua i Literatura II) será do 20% do total do exame, segundo o acordo adoptado recentemente a nivel de CRUE.

No Decreto 157/2022 aparece como obxectivo 5 para a materia de “Lingua Galega e Literatura II” o seguinte “Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e responder adecuadamente. informado, eficaz e creativo ante demandas comunicativas concretas”, polo que en cada pregunta este obxectivo terá unha cualificación que represente o 20% do valor total da pregunta.

Máis aínda, no acordo de CRUE antes mencionado tamén aparece a seguinte anotación: Naqueles territorios con linguas cooficiais, recoméndase ter en conta esta realidade á hora de definir os criterios específicos de corrección. Xa que logo, en cada pregunta de 2,5 puntos haberá unha valoración de 0,5 puntos para ese apartado. Esta valoración só será de aplicación no caso de que a alumna/o teña un mínimo de resposta correcta nas outras partes da rúbrica da pregunta que se estea a valorar. Fíxase ese mínimo nun 20% da cualificación, polo que se a alumna/o non chega a 0,4 puntos de valoración dos dous puntos dunha pregunta non se valorará esta parte da rúbrica, outorgando un valor de 0 puntos por este apartado.